

Maio 2019

Número 15

Espazo FEE



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A REVISTA DA FACULDADE DE ECONOMÍA E EMPRESA



Día das Letras Galegas ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

A Industria 4.0 e novo petróleo

O fenómeno da globalización

Máster (inter)universitario en Economía

Estudar segur@ na UDC

Editorial

Rematabamos o editorial do anterior número de *Espazo FEE* informando de que un novo proceso electoral se ía abrir para elixir un novo equipo decanal. Naquel momento, animábase a Facultade de Economía e Empresa a que aproveitase a ocasión para facer de maneira colectiva unha avaliación profunda da súa marcha nos últimos anos e para acometer un proceso de reflexión que a conduci-se á correcta determinación das metas estratéxicas, prioridades e actuacións para os vindeiros anos.

Na primeira semana de marzo quedaron convocadas esas eleccións cunha data importante no calendario: o 28 de marzo tería lugar a Xunta de Facultade que procedería a elixir a persoa que collería as rendas da Facultade nos vindeiros catro anos. Durante as semanas previas á votación fóronse configurando as dúas candidaturas que permitiron que o debate e a confrontación de ideas tivese lugar no seo da comunidade universitaria. Dous equipos liderados pola profesora Carla Rey e polo profesor Manuel Gómez traballaron para lles trasladar aos electores unhas propostas programáticas que xurdiron da súa reflexión e visión da universidade. É de xustiza agradecer nas persoas de ambos os candidatos o esforzo e a dedicación amosada ao servizo da Facultade por daren un paso adiante e concretar as propostas que, consonte o seu punto de vista, poderían contribuír a que o noso centro continuase a

mellorar nos ámbitos da docencia, investigación, transferencia, presenza social etc. Logo do intenso debate que tivo lugar na Xunta de Facultade, esta escolleu como decano o profesor Manuel Gómez, quen tomou posesión perante o reitor e o secretario xeral o día 4 de abril.

A partir deste momento, correspóndelle a toda a comunidade universitaria colaborar co novo equipo decanal nas actividades de todo tipo que se realicen no centro. Isto non significa que a crítica teña que desaparecer, senón que, desde as lexítimas posicións que cadaquén poida manter, todos deberemos contribuír de maneira inequivocamente construtiva tanto aos temas de fondo que teremos que afrontar nos vindeiros anos (por exemplo, a decisión estratéxica á nosa oferta de graos) e como aos asuntos cotiáns relativos ás clases, actividades de extensión universitaria, procedementos etc. Nunha facultade sa —como sen dúbida todos queremos que sexa a nosa—, non abonda con manifestar o desacordo coas decisións que se adopten ou con botarse á beira cando se discrepe de algo; será tamén necesario achegar solucións alternativas e viables que poidan resolver os problemas. Reciprocamente, o equipo decanal deberá entender que a súa actuación se debe axustar en todo momento á vontade maioritaria da comunidade universitaria expresada a través dos acordos que se adopten no marco da Xunta de

Facultade ou nas súas comisións delegadas. Tamén se deberá someter ao control dos diferentes órganos de goberno do centro, os cales haberán de actuar con responsabilidade, sentido da realidade e afán de facilitar a acción do equipo decanal. Temos todos que comprender que o decano é un *primus inter pares* e que o éxito ou o fracaso del e do seu equipo é o éxito ou o fracaso de todos os membros da facultade. Por tal motivo, obstaculizar, pór pexas, erosionar ou fabricar falsos debates ou problemas tan só provoca que se malgasten o tempo e as enerxías duns e doutros e que se reste intensidade ao avance da facultade cara á consecución dos retos que ten formulados. Afortunadamente, dado que o proceso electoral puxo de manifesto que as dúas opcións que se presentaron poden chegar a compartir visións sobre o futuro da Facultade, as persoas concretas —estudantes, PAS e PDI— debemos agora esforzarnos por pór en valor todo o que temos en común e poder superar a través do diálogo e a integración as diferenzas que se puideron apreciar no pasado ou as que poidan xurdir no futuro. Isto non é unha opción, senón unha obriga para seguir camiñando cara a adiante e un deber que todos temos coa institución en que traballamos e para a que queremos o mellor dos futuros posibles.

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS, 1905-1999

DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2019

«Galicia é unha punta de Europa». Pero é unha punta diferente das outras esquinas que tamén son puntas que se afunden no misterioso Océano e representaron, cada unha no seu sitio, os fins da Terra. É unha terra diferente e moi ben deslindada inda que con puntos comúns coa zona veciña onde se identifican costumes, falares e parentes, mais sentindo cada un a identidade do terrón que pisa e onde ten a súa vida e maneira de vivir».

«Galicia. A terra e o mar: a xeografía», en *Historia de Galicia*, tomo I (Cupsa Editorial, 1980)

Antonio Fraguas Fraguas naceu en 1905 en Insuela, unha aldea da parroquia de Loureiro (Cotobade). Foi Teresa, a súa nai, quen lle ensinou as súas primeiras letras, aínda que logo vai á escola pública.

Estudou o bacharelato no Instituto Xeral e Técnico de Pontevedra, onde comeza a xermolar o seu interese pola cultura galega. Son anos decisivos na súa vida, xa que ten como profesores, entre outros, a Castelao, Antón Losada Diéguez e Ramón Sobrino Buhigas; e como amigos a Sebastián González García-Paz e Luis Brey Bouza. Nesta época funda con varios compañeiros a Sociedade da Lingua, para defender o galego e, ao tempo, elaborar un dicionario, xa que os tres existentes daquela, o de Francisco Rodríguez (1865), o de Juan Cuveiro (1876) e o de Marcial Valladares (1884), eran de moi difícil acceso. É posible que teña tamén naquel entón o seu primeiro

contacto coas Irmandades da Fala.

En 1924 comezou a carreira de Filosofía e Letras, en que sobresaí como un alumno brillante, na Universidade de Santiago de Compostela. Nestes anos colabora co Seminario de Estudos Galegos, do que logo sería membro numerario. En 1933 aprobou as oposicións e incorporouse ao instituto da Estrada. Afiliárase ao Partido Galeguista e participaría activamente na campaña a prol do Estatuto de autonomía. Despois de rematar a guerra civil, en 1937, foi suspendido de emprego e soldo e separado do ensino público. Comeza a impartir clases nunha academia en Santiago de Compostela, nun ambiente de medo, tristura e ostracismo.

Son poucos os eventos culturais relacionados coa nosa cultura en que Antonio Fraguas non estea

presente. Alternou o ensino coa investigación, era escritor e ameno conferenciante. Traballou, desde mozo, de xeito desinteresado e constante a prol da nosa cultura, sen nunca agardar nada a cambio. No entanto, recibiu numerosos premios e recoñecementos: en 1984 concedéronlle o Pedrón de Ouro, a Insignia de Ouro do Museo do Pobo Galego e a Medalla Castelao da Xunta. Recibiu o Premio Traslaba da Fundación Otero Pedrayo en 1985. En 1989 foi nomeado fillo adoptivo de Santiago de Compostela. Outorgóuselle o Premio Otero Pedrayo das deputacións provinciais en 1992, ano en que tamén foi nomeado cronista xeral de Galicia. Déronlle o Premio das Artes e das Letras de Galicia en 1995.

*Servizo de
Normalización Lingüística*



Faleceu en Santiago de Compostela o 5 de novembro de 1999, cando estaba a piques de facer os 94 anos.

A importancia da promoción da lectura, tamén na universidade

Unha función básica e tradicional das bibliotecas é promocionar a lectura para lles inculcar hábitos lectores ás persoas usuarias, sobre todo en bibliotecas públicas e escolares, pero nestes últimos anos é cada vez máis habitual atoparnos con prácticas de animación á lectura en bibliotecas universitarias: clubs de lectura, blogs, seccións especiais etc. Porén, a pesar de que os estudantes universitarios teñen a formación e os recursos necesarios para acceder á lectura, vemos que, na práctica, unha gran maioría le con intencións estritamente utilitarias descoñecendo o pracer da lectura: ler para gozar, para entreterse, para o pasar ben.

Son moitos os beneficios que proporciona o hábito de ler, entre os

que están o aumento do poder de concentración, o enriquecemento da linguaxe, a mellora da ortografía, o desenvolvemento do espírito crítico, a diminución do estrés etc. Todos eles, sen dúbida, poden revertir nunha mellora do rendemento académico, ademais de mellorar a formación xeral e o nivel cultural do estudantado.

A UDC foi pioneira neste aspecto, xa que hai anos que ten creada a BIC (Biblioteca de Interese Cultural) que é un proxecto que pretende lograr o fin de incentivar entre os estudantes universitarios a afección pola lectura, coa creación dunhas seccións especiais nas bibliotecas das escolas e facultades das áreas técnicas e xurídico-sociais. Estas coleccións conteñen obras de

narrativa, divulgación científica, ensaio, literatura de viaxes etc. Na Biblioteca da Facultade de Economía e Empresa procuramos coidar este fondo e actualizalo con obras atractivas e que, ao mesmo tempo, reúnan requisitos de calidade. Este último mes de abril, con motivo do día do libro, adquirimos varias obras moi actuais que nos pareceron atractivas e de interese. Os últimos títulos de autores como Lucía Berlín, Julián Barnes, Antonio Muñoz Molina ou Domingo Villar, están agora a disposición de todos os nosos usuarios.

Biblioteca da Facultade de Economía e Empresa

Listaxe completa:

Tus pasos en la escalera / Antonio Muñoz Molina
 Los asquerosos / Santiago Lorenzo
 La única historia / Julián Barnes
 La caja negra / Amos Oz
 Una noche en el paraíso / Lucía Berlín
 Hacia la bellaza / David Foenkinos
 El baile del reloj / Anne Tyler
 Quédate conmigo / B.A. Paris
 Los lobos de Praga / Benjamin Black
 tradución do inglés de Miguel Temprano García
 Iluminada / Mary Karr
 O último barco / Domingo Villar
 El último barco / Domingo Villar
 Las fiebres de la memoria / Gioconda Belli
 Tierra de mujeres : una mirada íntima y familiar del mundo rural / María Sánchez
 Yo, Julia / Santiago Posteguillo
 La hija de la española / Karina Sainz Borgo
 Los crímenes de Alicia / Guillermo Martínez
 Volver a casa / Yaa Gyasi
 Universidad para asesinos / Petros Márkaris



O tenis en «Sweet home alabama»



A perspectiva dun neno co deporte pode cambiar en calquera momento da vida, dun mero xogo a un billete de acceso a un futuro profesional, deportiva ou académicamente. A miña paixón polo deporte sempre estivo alimentada pola miña inquietude e as ganas de mellorar. Empecei polo fútbol, alá a onde ía sempre tiña unha pelota no pé ou na man e pasaba tardes enteiras dándolle patadas a un balón. Máis tarde apareceu o tenis, un deporte distinto pero complementario ao mesmo tempo. Ao principio foi tarefa sinxela alternalos pero, conforme pasaban os anos, tiven que me decantar con cal quería seguir crescendo.

Entón foi cando se me presentou a posibilidade de utilizar o tenis para estudar noutro país. Nese momento gozaba dunha alta posición na clasificación nacional (encabezada

por Rafa Nadal) e mandeille unha serie de vídeos á Alabama State University, que me abriu as portas para xogar para eles, á vez que estudar unha carreira. A experiencia do deporte universitario nos EEUU pódese comparar coa dun futbolista en España. Adestrabamos tres horas ao día e algúns días tiñamos que nos erguer ás 5 da mañá para complementar co ximnasio. Viaxamos moitas horas nun bus propio da Universidade, rotulado coas súas cores para xogar noutros estadios como Lousiana, Georgia, Mississippi ou Texas. O tenis alí é máis competitivo e caracterízase por ser de equipo e non individual, como se pode ver en profesionais, polo que tiñas que apoiar os teus compañeiros á vez que xogabas.

Máis tarde, acabei xogando en Gales. Esta vez polo convenio universitario que ten a Universidade

da Coruña coa University of South Wales. Apunteime ao equipo para «manter o toque» e poder coñecer xente. O tenis neste país celta non é tan competitivo como en Alabama, pero ten a mesma esencia e gocei del como en calquera outro lugar.

Jose María Ogea Borbón
Estudante de ADE

A Industria 4.0 e novo petróleo

Cos novos avances tecnolóxicos que se experimentaron no último século, a nosa estrutura sociolaboral, económica e empresarial viuse transformada por completo. As novas tecnoloxías modificaron o noso estilo de vida, os tradicionais modelos de negocio e a organización económica existente, que na actualidade vén marcada por unha grande interrelación e intercoñexión a nivel mundial.

A confluencia da globalización e os avances en materia de nanotecnoloxía, biotecnoloxía, big data, intelixencia artificial, IoT, *Business Intelligence*, entre outras, permite afirmar que a chegada da 4ª revolución industrial ou da tamén coñecida como industria 4.0 está máis preto do que imaxinamos.

Pero, estamos realmente preparados para isto?

Tomando como punto de partida unha cita do filósofo Francis Bacon: «O coñecemento é poder», esta afirmación recobra un novo sentido na conxuntura social en que nos atopamos, xa que, no ámbito empresarial, levan anos recollendo toda a información e os datos que lles é posible, deste modo podemos afirmar que a información é a semente desta revolución 4.0.

Deste xeito, as empresas pretenden ser máis eficientes, máis poderosas, máis competitivas e así poder desenvolver todos os seus proxectos con maior seguridade. Esta recompilación non só se centra na extracción de información dos seus

consumidores e clientes, como se tende a pensar, senón tamén nos aspectos industriais, de novos mercados e de mellora dos seus procesos.

Pero estes datos recompilados durante anos, non contan cun valor intrínseco en si mesmo. Posiblemente escoitarías algunha vez a expresión amplamente coñecida en que se di que: «Os datos son o novo petróleo». Moitos de nós pensaríamos que esta analoxía está errada, xa que o valor do petróleo reside principalmente no feito de que é un recurso finito mentres que os datos se sitúan nunha posición totalmente antagónica, xa que, de feito, son infinitos.

Os datos non son máis que iso, datos, pero o seu valor e a importancia estratéxica residen no tratamento e posterior análise para os usar de xeito beneficioso como, por exemplo, levar a cabo unha mellora de procesos industriais ou monitorizalos para así evitar erros, de aí esta afirmación.


Así pois, ábrese un novo horizonte cheo de posibilidades pero tamén de incertezas. Moitas das grandes multinacionais amplamente coñecidas xa utilizan toda esta información para mellorar competitivamente, tanto no plano lóxico, como na experiencia co cliente, no produto que ofertan e para posicionar a súa imaxe de marca. Esta transformación tecnolóxica de carácter transversal fai que non só se modifique o modelo de negocio das empresas senón que até sexa necesario modificar a súa estrutura

organizativa. Coas innovacións tecnolóxicas xorden novas necesidades de incorporar departamentos que xestionen, analicen, traten e interpreten esa información para sacar o máximo partido posible. Isto fai que a loita por adquirir e tratar esta información sexa crucial, o feito de chegar dos últimos na carreira pode supoñer unha condena a morte sen posibilidade de prerrogativa.

Un dos exemplos máis representativos é o sector bancario e financeiro, o cal ten máis presente este cambio debido á mala imaxe adquirida nas últimas décadas e á obsolescencia que na actualidade presenta a súa institución. O sector bancario trata de levar cabo unha transformación centrada na dixitalización dos servizos e produtos de forma personalizada, delimitada por un marco regulador restritivo, co fin de aplacar o crecemento e a expansión dos *ibanks*, as *fintech*, as criptomonedas...

Pero esta transformación global da xestión e organización empresarial e económica non só afecta á empresa e ao sector bancario, no plano laboral a inquietude é moito maior. A OCDE elaborou un informe desalentador en que establece o risco por países da automatización do emprego.

Como se pode observar, España non é unha das rexións con máis risco. Non obstante, desta imaxe pódese extraer que, arredor do 20% dos postos de traballo actuais serán automatizados nas próximas décadas.



Fonte: OCDE; <http://www.oecd.org/cfe/job-creation-and-local-economic-development-26174979.htm>

Se ben é certo que o feito de automatizar procesos pode xerar novos postos de traballo aínda sen definir isto implica, necesariamente, a destrución doutros.

No caso do noso país, onde o desemprego se centra nun problema estrutural máis que conxuntural, e que ademais vén marcado por unha alta estacionalidade e centrado no ámbito dos servizos, quizais o problema se pode agravar até límites insospeitados. De todos é sabido que España ten pendente unha reforma en profundidade en canto a materia de emprego.

Pero este problema de automatización e dixitalización das empresas e do emprego non só abrangue o panorama laboral, tamén o escenario educativo e docente se pode ver afectado. A xeración de novos postos de emprego relacionados co sector dixital está creando unha demanda masiva de asalariados cunha formación moi específica e

especializada nos diferentes planos tecnolóxicos que a educación público-privada debe proporcionar. O problema é se será capaz de responder de forma áxil e axeitada a estes requirimentos.

Porén, non toda esta responsabilidade debe recaer nas institucións educativas público-privadas, as empresas teñen que comprender que parte desa formación específica que existen debe ser responsabilidade delas mesmas, así como tentar reciclar a man de obra que xa forma parte do seu cadro de persoal.

Finalmente, o escenario que se nos presenta non é moi reconfortante; na última década, a crise de 2008 deixou maltrata unha economía globalizada e hiperconectada con consecuencias dramáticas no plano político, social, económico e financeiro. Os cambios que xa a tecnoloxía provocou no pasado no noso mundo foron aceptados sen reticencia por parte da nosa

sociedade. Como se mencionou con anterioridade, a hiperconexión é unha delas.

Esta hiperconexión e globalización foi recibida sen obxeccións, argumentando, entre outras razóns, que quen se opoñía aos avances, se opoñía ao progreso económico e á mellora social da humanidade. Se ben hoxe en día existe aínda moita xente que continúa con esa mesma doutrina, moitos de nós xa argumentamos o «non todo é válido».

A cidadanía e as empresas deben reflexionar e comprender que todos os avances tecnolóxicos implican, xeralmente, unha mellora no ámbito en que se desenvolven, pero é necesario ter sempre presentes as consecuencias negativas que estas poden implicar a medio ou longo prazo.

Celia Otero Carracedo
Alumna de 4º de ADE

Falacias? Non, grazas

Para poder manter unha discusión que sexa construtiva para todas as persoas que participan nela, as achegas deberán conter ideas que estean formuladas en termos formalmente correctos. Dalgún xeito, os discursos deberían integrar proposicións que, debidamente combinadas, levasen a razoamentos lóxicamente válidos.

O problema está en que con demasiada frecuencia existen razoamentos non válidos que, porén, poden parecerlo. Tales razoamentos son as *falacias*. Lamentablemente, existen moitísimas situacións da vida ordinaria en que ficamos pampos ante opinións aparentemente impecables, mais carentes de validez. Ás veces as falacias son formais —porque están a incumplir algunha lei da dedución—, mais outras teñen a súa orixe no contido, no significado etc. Este segundo grupo é o correspondente ás falacias informais. Nun contexto académico, onde o contraste das ideas e a discusión debería ser unha práctica habitual, deberemos facer un esforzo por depurar dos discursos ambos os tipos de falacias.

Nesta colaboración vou centrar a miña atención na segunda categoría, porque, logo de participar en múltiples debates e discusión, observo con preocupación que, con demasiada frecuencia, as falacias informais inzan os discursos e fan que decisións de transcendencia estean apoiadas en razoamentos non válidos. Só a modo de exemplo, vou presentar as falacias informais que con máis frecuencia invaden o espazo público e que contaminan os debates para os converter, no mellor dos casos, nunha perda de

tempo ou nun exercicio de falta de rigor:

A *falacia ad verecundiam* consiste en defender a conclusión apelando a unha «autoridade» na materia, mais sen achegar outras razóns que a xustifiquen: «*Na formación dun estudante de ADE é fundamental o estudo desta materia, comentoumo o xerente de XSA*».

Cando se pretende rebater o razoamento doutro ou demostrar a falsidade da conclusión a que chegara, simplemente desacreditando a quen o defende, sen entrar na materia concreta, estamos nunha *falacia ad hominem*: «*Estouta materia non é importante para a formación dun estudante de ADE. Xa se sabe que profesores que a imparten están sempre a procurar máis créditos*».

Nas falacias *ad populum*, deféndese unha conclusión unicamente apelando aos sentimentos, ás emocións ou aos preconceitos do auditorio. Nunha reunión co estudantado repetidor dunha materia, alguén di: «*Deberíámonos mobilizar para conseguir que a partir da segunda convocatoria, as matrículas sexan de balde*».

Cando só se ameaza ou coacciona, e non se dan razóns, a falacia é *ad baculum*: «*Se non asistides á clase, vouvos suspender*».

Unha xeneralización indebida prodúcese cando se chega a unha conclusión xeral a partir dun grupo pequeno de casos: «*Os estudantes que teño en clase procedentes dese país non falan a nosa lingua. Seguro que no seu país ninguén é capaz de falar linguas estranxeiras*».

Cando se defende que algo é definitivamente verdadeiro ou falso, porque non se pode ou sabe demostrar o contrario, estamos perante unha *falacia ad ignorantiam*: «*Como non sabemos demostrar que esta materia é útil, afirmamos que é inútil*».

Moitas veces considérase correcta unha causa insuficiente ou simplemente errada. Enténdese que algo é causado por unha cousa, porque esta precede a aquela. Isto é unha *falsa causa*: «*suspendín o meu TFG, porque no meu tribunal está a profesora X*».

Se apoiamos unha conclusión nunha premisa que para ser verdadeira esixe que a conclusión tamén o sexa, estamos perante unha *falacia circular*. Noutras verbas, a verdade da conclusión e da premisa dependen unha da outra: «*os contidos que actualmente imparto conformarán unha materia que vai estar no vindeiro plan de estudos porque son moi útiles. A proba da súa utilidade é que van estar presentes nunha materia do vindeiro plan*».

En fin, a listaxe podería continuar con moitísimos máis exemplos e categorías de falacias informais. Agora só se trata de chamar a atención sobre as eivas que se poden escoitar nos discursos públicos para evitármolas no futuro. Sen dúbida que isto vai redundar na eficacia dos argumentos expostos e na elevación do nivel dos debates.

Anxo Calvo Silvana
PDI

O fenómeno da globalización

A globalización foi, sen dúbida, un fenómeno moi cambiante. O intercambio económico e cultural, inclusive gastronómico e musical, fixo que as mentes e a forma de pensar de todos nós cambiasen por completo. Coñecer outras culturas, outras formas de vida e outras maneiras de pensar fana cambiar a unha totalmente. Persoalmente, sempre tiveron un afán de percorrer o globo terrestre e foi así como, con tan só 16 anos, aterrei soa na outra esquina do mundo, noutro país, con xente totalmente descoñecida que falaba un idioma que eu aínda non dominaba. Aquela experiencia fíxome madurar e crecer, non só academicamente senón tamén persoalmente. Aprendín, ademais doutro idioma e outra cultura, outra

forma de ver a vida e a valerme por min mesma, o cal se ampliou cada vez máis con cada nova experiencia durante o meu ano como universitaria nas Illas Británicas.

Pero a globalización non só lles afectou ás persoas, senón que tamén tivo, e ten, un grande impacto no mundo empresarial. Zara é un claro exemplo da globalización, pois a empresa coruñesa de *fast fashion* conseguiu expandirse e ser recoñecida en máis de 80 países distintos grazas a este fenómeno.

Eu, como coruñesa e galega, fun sempre da man de Zara polo mundo. Tanto como cando crucei o charco e coñecín a estadounidenses e algúns latinos, como cando perco-

rrín Europa e conversei con franceses, galeses, checos e incluso chineses e indios, a multinacional de Amancio Ortega estaba ao meu carón, pois é que, ao final, Zara é recoñecida en todo o mundo. Toda a xente coa que me crucei preguntábame: -e ti, de onde es? E eu contestaba: -da Coruña, o que case sempre ía seguido dunha cara de descoñecemento. Mais eu engadíaa: -sabes Zara? Pois as dúas somos da mesma terra.

*Iria Taboada Asorey
Estudiante de terceiro ano
Alumna de ADE*



MESTRADO UNIVERSITARIO EN BANCA E FINANZAS

O MUBF proporciónalle ao noso alumnado formación académica avanzada no ámbito financeiro, co obxectivo de adquirir unha elevada cualificación técnica e capacidade de xestión para se desenvolver en perfís profesionais na dirección financeira da empresa, banca e intermediación financeira (asesor financeiro e de investimentos, xestor de carteiras e patrimonial) e analista financeiro.

A orientación do Mestrado ten un decidido carácter profesionalizante: a obtención do título supón unha certificación profesional para o egresado, ao estar recoñecido pola CNMV para acreditar que o persoal relevante das entidades financeiras conta coa cualificación necesaria para informar e prestar asesoramento en materia de investimento –un requisito obrigatorio para todas as entidades financeiras no marco da normativa MiFID II. Máis aínda, os contidos están enfocados á preparación dos exames de certificación da European Financial Planning Association (DAF e EFA).

O MUBF é hoxe un título plenamente consolidado: cursado por máis de 250 alumnos en 11 edicións, foi o primeiro Mestrado da UDC que renovou a acreditación da ACSUG, e agora tamén o primeiro título en Galicia en conseguir a acreditación da CNMV. A taxa de inserción laboral dos nosos egresados supera o 80 % e proporciona, así mesmo, acceso directo aos estudos de doutoramento.

En detalle:

O MUBF desenvolve un completo programa que persegue proporcionar unha formación financeira avanzada e actual. O plan de estudos integra 60 créditos ECTS repartidos entre 14 materias, Prácticas de Empresa (6 ECTS) e Traballo de Fin de Mestrado (6 ECTS). As materias abarcan contidos sobre o contorno financeiro (Sistema Financeiro; Mercados Financeiros; Banca; Macroeconomía), instrumentos financeiros (Valoración de Activos Financeiros, Instrumentos Financeiros Derivados; Fiscalidade de Operacións e Instrumentos Financeiros), análise financeira e técnicas aplicadas (Valoración Financeira; Análise e Xestión de Riscos; Márketing Financeiro) e sistemas e análise da información (Contabilidade de Entidades e Instrumentos Financeiros, Técnicas Estatístico-Económicas Aplicadas e Sistemas de Información).

As prácticas en empresas e entidades financeiras facilitan unha formación complementaria, de carácter tutelado, co obxecto de aplicar coñecementos adquiridos e facilitar o acceso ao mercado laboral. No curso presente, máis do 40 % das prácticas foron realizadas en entidades financeiras. Pola súa banda, o TFM é unha oportunidade para que o alumnado profunde nun tema de relevancia e actualidade do seu interese, desde o cambio tecnolóxico actual na banca retailista á análise financeira de operacións corporativas, entre moitos outros. A

oferta académica complementase con actividades como o ciclo de conferencias «Banca e Finanzas», obradoiros de formación común aos mestrados da FEE (en 2019 por Abanca, Mapfre e AEAT), e viaxe de estudos a institucións como Bolsa de Madrid, ICO ou CNMC. O horario, das 17:00h ás 21:00h, e a posibilidade de matrícula parcial fano compatible coa actividade profesional e coas prácticas en empresas.

Por que o MUBF?

O mundo da banca e as finanzas non é unha industria en crise: é unha industria en transformación. As finanzas vólvense máis complexas e o papel da xestión financeira e dos riscos determinante, tanto para a empresa como para as entidades financeiras. O mercado precisa expertos en finanzas cunha formación rigorosa, completa, e adaptada aos cambios no sector. O MUBF ofrécelle ao noso alumnado un dobre perfil: en banca (acreditación CNMV) e finanzas (de empresa, mercados e instrumentos financeiros), con especial atención ás novas tendencias, *big data*, *fintech*... Por iso, é a elección axeitada para alumnado interesado nas innovacións no sector financeiro, cada vez máis presentes nas nosas vidas.

Máis info na web <http://www.economicas.udc.es/masteres/mubf/>

Contacto: coordinacion.mubf@udc.es

David Peón Pose
PDI. Coordinador do MUBF

MESTRADO UNIVERSITARIO EN CONTABILIDADE SUPERIOR E AUDITORÍA DE CONTAS.

Edición 2019/20

Impartido pola Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña, o Mestrado Universitario Oficial en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas é un título adaptado ao espazo europeo de educación superior, co obxectivo de encamiñar o estudante ao exercicio profesional de actividades relacionadas coa Contabilidade e a Auditoría de Contas a nivel avanzado.

Foi homologado con dispensa completa polo Ministerio de Economía, a través do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (ICAC), como programa de ensino teórico para a inscrición no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC). É, ata o momento, o único mestrado universitario oficial impartido en Galicia que recibiu este recoñecemento.

(Ver: <http://www.icac.meh.es/section.aspx?hid=3491>)

Ao se tratar dun mestrado oficial impartido por unha universidade pública, as taxas de matrícula son as aprobadas para cada curso académico pola Xunta de Galicia. A título informativo, o importe de primeira matrícula, para o curso 2018-19, foi de 21,61 euros por cada crédito ECTS (1236,60 € para os 60 créditos mínimos obrigatorios). Así mesmo, a matrícula nun título oficial, eventualmente, dá dereito a solicitar bolsas e outras axudas públicas.

As aulas presenciais do contido mínimo obrigatorio impártense nun horario que facilita a realización de prácticas ou compaxinar traballo e estudos, de luns a venres, das 18.30 ás 21.30 h.

O plan de estudos recolle un mínimo de 60 créditos ECTS. Para os estudantes da UDC, este mínimo sería o que deberían cursar os graduados ou diplomados en Ciencias Empresariais, e os licenciados en ADE, Economía, Ciencias Económicas e Ciencias Empresariais.

Os graduados en ADE pola UDC deberán cursar a maiores a materia Dereito do Traballo e da Seguridade Social (6 ECTS). Os graduados en Economía pola UDC deberán cursar a maiores Dereito do Traballo e da Seguridade Social e Contabilidade de Sociedades (un total de 12 ECTS).

Os dobres graduados en Dereito e ADE pola UDC deberanse matricular na materia Dereito do Traballo e da Seguridade Social, pero poderán solicitar *a posteriori* a súa validación.

As materias do plan de estudos recollen os contidos establecidos polo ICAC para que, coa homologación do título de mestrado, os egresados poidan quedar exentos de realizar a primeira fase do exame de acceso ao ROAC.

As materias de Seminarios de Actualización e Prácticas en Empresas

organízanse en colaboración co Ilustre Colexio de Economistas da Coruña. O mestrado inclúe a realización dun mínimo de 100 horas curriculares obrigatorias.

O alumnado que acredite experiencia profesional previa en actividades relacionadas coa Contabilidade ou a Auditoría de Contas poderán solicitar a validación da materia de Prácticas en Empresas.

Para calquera información adicional, débense dirixir a:

<http://www.economicas.udc.es/-masteres/mucsac/>

*Fernando Ruiz Lamas
Coordinador do Mestrado
Universitario en Contabilidade
Superior e Auditoría de Contas pola
Universidade da Coruña
Facultade de Economía e Empresa
Campus de Elviña, s/n
15071 – A Coruña
Tel.: 981 167 050 – Ext. 4412
Fax: 981 167 070
Correo-e: fernando.ruiz@udc.es*

O MESTRADO UNIVERSITARIO EN DIRECCIÓN E ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS (MUDAE-MBA)

Os perfís profesionais que buscan as organización son cada vez máis competitivos, por iso, non só a transmisión de coñecementos, senón tamén de valores, actitudes, capacidades e destrezas son, para os docentes universitarios deste mestrado, pezas chave da formación.

O Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas ofrécelle ao estudantado unha excelente oportunidade para acceder ao mercado laboral. As competencias e habilidades transmitidas capacítano para:

- Ocupar postos directivos en empresas e organizacións.
- Xestionar as distintas áreas funcionais das empresas.
- Levar a cabo iniciativas encamiñadas ao emprendemento.

Este máster vai dirixido a alumnado de calquera titulación que desexe desenvolver a súa actividade no ámbito empresarial.

Oito razóns polas que debes estudar este Mestrado:

- Ofrece a posibilidade de adquirir unha formación de calidade grazas á aplicación dunha metodoloxía innovadora, baseada no *learning by doing*. O estudantado será capaz de se enfrontar aos problemas que as

empresas deben afrontar no seu quefacer diario.

- A formación é eminentemente práctica e fundaméntase na análise e resolución de problemas reais.

- Desde o primeiro día, o estudantado intégrase en equipos multidisciplinares para traballar nun proxecto real que desenvolverá ao longo de todo o ano.

- A transmisión de coñecementos e experiencias por parte do equipo docente, en relación coas materias transversais, supón un complemento perfecto para desenvolver o proxecto de empresa.

- A organización de «Obradoiros de directivos» é importante para o estudantado, neles terán a oportunidade de coñecer en persoa directivos e profesionais que desenvolven a súa actividade en empresas de recoñecido prestixio e compartir con eles as súas experiencias e inquietudes.

- Este mestrado aposta pola internacionalización, a posibilidade de cursar o segundo cuatrimestre no estranxeiro é unha realidade, grazas aos programas de internacionalización existentes con dúas universidades: Rennes Business School, en Rennes e Widener University, en Delaware. O alumnado, ademais de vivir unha grande

experiencia, obterá dous títulos o que supoñerá unha importante vantaxe competitiva.

- As prácticas externas son obrigatorias, de modo que o estudantado poderá traballar en empresas de diferentes sectores, adquirir experiencia e involucrarse na realidade empresarial.

- Este mestrado permite acceder ao programa de doutoramento que se imparte na Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña.

En definitiva, estas son algunhas das razóns polas que debes cursar o Mestrado en Dirección e Administración de Empresas. Se desexas obter máis información anímote a que visites a nosa páxina web: <http://www.economicas.udc.es/-masteres/mudae/> ou a que contactes comigo en: magdalena.rodriguez@udc.es

Moitas grazas e esperamos verte pronto!!

M^a Magdalena Rodríguez Fernández
PDI. Coordinadora do MUDAE-MBA

Máster (inter)universitario en Economía



O curso 2019/20 comeza a segunda edición do Máster Interuniversitario en Economía. Este é o único máster nas áreas de economía e empresa en que colaboran as tres universidades do sistema universitario de Galicia: a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo.

Obxectivos

O obxectivo xeral deste título consiste en formar profesionais da Economía e a Empresa cunha elevada formación académica que lles permita incorporarse con éxito ao ámbito profesional ou aos estudos de doutoramento e facelo cunha elevada capacitación para tomar decisións estratéxicas.

O máster brindará formación avanzada nos modelos, técnicas e metodoloxías das ciencias económicas e empresariais e as ferramentas necesarias para comprender e analizar rigorosamente a situación económica e empresarial. Trátase de formar profesionais de alto nivel na análise económica aplicada e na avaliación de políticas públicas, o deseño, control e execución de proxectos, públicos e privados, nos distintos ámbitos local, rexional e nacional.

A quen vai dirixido

Buscamos un perfil de estudante dinámico, creativo e con capacidade analítica. Son potenciais alumnos, ademais dos procedentes da licenciatura ou grao en Economía,

os graduados ou licenciados en Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Experimentais (particularmente os graduados en Matemáticas ou Estatística) e nas distintas ramas de enxeñería.

Estrutura e duración

O programa do Máster Universitario en Economía ten unha duración dun curso académico. O máster organízase en dous cuatrimestres. Durante o primeiro cuatrimestre cursaranse materias de carácter obrigatorio que capacitarán o alumnado cos coñecementos necesarios para seguir os cursos de especialización do segundo cuatrimestre, realizar as Prácticas Externas e preparar o Traballo de Fin de Máster (TFM). No segundo

cuadrimestre, cada universidade ofrece un itinerario de especialización: Economía e Finanzas (USD), Economía e Sociedade (UVigo) e Políticas Públicas e Análise Económica Rexional (UDC). En particular, o itinerario ofrecido na UDC capacitará o alumnado para identificar os ámbitos de actuación do sector público, incluído o rexional, implementar diversas políticas públicas, e proporcionarlle as ferramentas necesarias para avaliar os seus efectos. Ademais, ofrécese un cuarto itinerario de Análise Económica común ás tres universidades orientado á formación investigadora.

Un alumno pode escoller calquera itinerario, con independencia da universidade que o oferte. A docencia sería presencial nas materias obrigatorias impartidas na UDC, no itinerario ofertado na UDC e para varias das materias do itinerario común. Sería non presencial, a través de videoconferencia, para as restantes materias obrigatorias e os itinerarios ofertados nas Universidades de Santiago e Vigo.

Plan de estudos

PRIMEIRO CUADRIMESTRE

Materias obrigatorias (30 ECTS)

Análise de Decisións Económicas e Mercados (6 ECTS)

Análise de Conxuntura Económica e Crecemento (6 ECTS)

Técnicas Econométricas (6 ECTS)

Métodos Cuantitativos (6 ECTS)

Pensamento Económico e Institucións (3 ECTS)

Técnicas de Investigación (3 ECTS)

SEGUNDO CUADRIMESTRE

Materias optativas (18 ECTS) + Prácticas externas (6 ECTS) + TFM (6 ECTS)

POLÍTICAS PÚBLICAS E ANÁLISE ECONÓMICA REXIONAL (UDC)

Economía do Sector Público (3 ECTS)

Modelos de Xestión Pública (3 ECTS)

Avaliación de Políticas Públicas (3 ECTS)

Análise Económica Rexional (3 ECTS)

Política Económica Rexional (3 ECTS)

Xestión Integral de Proxectos Públicos (3 ECTS)

ECONOMÍA E SOCIEDADE (UVIGO)

Medio Ambiente, Recursos Naturais e Sustentabilidade (3 ECTS)

Economía da Desigualdade (3 ECTS)

Economía da Saúde (3 ECTS)

Innovación e Sociedade (3 ECTS)

Servizos e Nova Economía (3 ECTS)

Globalización Económica e Desenvolvemento Social (3 ECTS)

ECONOMÍA E FINANZAS (USC)

Fundamentos de Valoración de Mercado (3 ECTS)

Técnicas de Cuantificación do Risco de Mercado (3 ECTS)

Análise Económica da Actividade Bancaria (3 ECTS)

Economía Internacional e Finanzas (3 ECTS)

Política Monetaria e Sistema Financeiro (3 ECTS)

Econometría Financeira (3 ECTS)

ANÁLISE ECONÓMICA (UDC, USC, UVIGO)

Econometría Avanzada (3 ECTS)

Microeconomía Avanzada (3 ECTS)

Macroeconomía Avanzada (3 ECTS)

Comportamento Estratéxico (3 ECTS)

Temas Avanzados en Teoría Económica (3 ECTS)

Técnicas Avanzadas para a Análise de Datos (3 ECTS)

Para máis información poden consultar a web www.mastereconomia.gal, ou contactar con:

José Manuel Sánchez Santos (santos67@udc.es, Tel.: +34 981 16 70 00 – Ext. 2584)

Manuel A. Gómez Suárez (mago@udc.es, Tel.: +34 981 16 70 00 – Ext. 2439)

Facultade de Economía e Empresa
Universidade da Coruña
Campus de Elviña
15071 A Coruña

*Manuel Gómez Suárez
PDI*

Discurso de ingreso na Real Academia Galega (fragmento)

Veño a ocupar un lugar que quedou baleiro o día sete de xaneiro de mil novecentos cincuenta cando alá lonxe, en Buenos Aires, morreu Alfonso Rodríguez Castelao, o amigo Daniel, o médico que por non poder varrer a morte do leito dos enfermos non quixo exercer a meiciña. Quizais fora mellor deixar vacante o seu posto deica que outro artista coma el ou Rosalía, as dúas representacións de Galicia máis sinceras e acabadas, viñera ocupar esta cadeira. Non debiera ser eu o destinado, que son home de poucas letras e a quen a arte lle foxe como foxe o vento que canta nas ripas dunha cancela. Veño para o sitio dun home cuxo nome leva unha proxección universal de sincera grandeza e popularidade. Pasará o tempo, moito tempo, e na casiña máis apartada non se esquecerán as Cousas da vida por Castelao e para os artistas e para tódolos espíritos de fina sensibilidade, Castelao será

sempre a luz acesa nos infindos horizontes. O seu nome vai no encanto das paisaxes da terra e das preocupacións humanas. Cerne de vellas carballeiras, arume de flores nas leiras do val e da montaña, canto de paxariños, estrondo das ondas na costa e latexar das escumas brancas da praia, vento que canta nos piñeiros: toda a esencia de Galicia, iso é Castelao. Alto espírito de maxistral artista sen límite de bondade, escribe ou fala, pinta ou debuxa, conversa ou pensa, sempre esgrevio espírito en requintada esencia vivindo e revivindo a vida da nosa terra. Xenio superior, alto e lanzal, guiado coa máis pura sinxeleza, senti os pesares cedo e sentiunos sempre. Toda a súa vida levou na alma a dor de ferintes espiñas. Para apagar a súa tristeza cubriuna acotío coas mellores campas da realidade ou da fantasía e revestiu a obra coas galas do humorismo, confirmándose unha vez máis a

sentenza de Mark Twain: “debaixo do humorismo hai sempre unha grande dor”. Foi Castelao humorista por excelencia, humorista que fai rir ou fai sorrir, pero sempre fai pensar.

Os debuxos de Castelao ilustraron periódicos e revistas. Do seu lapis saíron agudas caricaturas a cuxo tema adicou conferencias e traballos; a teoría das liñas aplicadas aos caracteres dos homes era sorprendente. O álbum *Nós* mereceu que nos xuízos críticos dixeran del que non se fixera nada igual dende Goya.

Antonio Fraguas Fraguas



Estudar segur@ na UDC

1 O SEGURO ESCOLAR

É un seguro que protexe os estudantes, menores de 28 anos, que cursen estudos oficiais desde 3º de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), ata o final do terceiro ciclo universitario, mediante prestacións sanitarias e económicas, nos seguintes casos:

- **Accidente escolar:** asistencia médica e farmacéutica, indemnizacións económicas por incapacidade e gastos de sepelio
- **Enfermidade:** asistencia médica, asistencia farmacéutica e gastos de sepelio. Inclúe a cirurxía xeral, neuropsiquiatría, tocoloxía, tuberculose pulmonar e ósea. En determinados casos pode incluír prestacións de fisioterapia, quimioterapia, radioterapia, cobaltoterapia e cirurxía maxilofacial.
- **Infortunio familiar:** Prestación económica por falecemento do cabeza de familia ou ruína familiar.

Existe un Formulario de solicitude de prestacións. O seguro escolar para menores de 28 anos é OBRIGATORIO para os estudantes nacionais dos estados membros da Unión Europea e do Espazo Económico Europeo, e, en xeral, todos os estudantes estranxeiros residentes nas mesmas condicións que os españois, sempre que cursen os citados estudos en España e ata a idade de 28 anos.

Centros médicos de asistencia sanitaria:

- Públicos: **todos os centros do Sistema Nacional de Saúde.**
- *Concertados: ***a estes centros**

concertados non poderán acudir os alumnos que estean en situación de alta na Seguridade Social.

- **I.M.Q. San Rafael, S.A.** Avda. das Xubias 82. 15006 A Coruña

- **Arteixo Centro Fisioterapia - Sonia Fdez. Carracedo.** Avda. de Finisterre, 171, 1ºD. Arteixo

- **Clínica FISAM, S.L.** Rúa Perpetuo Socorro, 1, 1º D. 15006 A Coruña

- **Hospital Quirónsalud A Coruña.** Rúa Londres, 2. 15009 A Coruña

- **Instituto Oftalmolóxico Quirónsalud A Coruña.** Paseo Marítimo 1. 15002 A Coruña

- **Centro Médico Riveira - Manuel García Meijide.** Praza Pablo Neruda, 6, 1º. 15960 Ribeira.

2 O SEGURO HAC LUCE ACCIDENTES

- PÓLIZA: curso 2018-19

- OBRIGATORIO: alumnado a partir dos 28 anos.

- INDICADO: alumnado da Universidade da Coruña que realicen prácticas académicas externas, actividades deportivas, culturais e sociais etc.

- COMPAÑÍA ASEGURADORA: CHUBB EUROPEAN GROUP LIMITED SUCURSAL ESPAÑA

Información/sinistros:

ARTAI - Correduría de seguros, SA

Centros médicos de asistencia sanitaria:

- **Hospital Quirónsalud A Coruña** Rúa Londres, 2. 15009 A Coruña
- **I.M.Q. San Rafael, S.A.** Avda. das Xubias 82. 15006 A Coruña



- **Hospital HM Modelo.** Rúa Virrey Osorio, 30. 15011 A Coruña

- **Centro Médico Quirónsalud Ferrol.** Rúa Coruña, 19. 15420 Ferrol

3 O SEGURO HAC LUCE MOBILIDADE

- COMPAÑÍA ASEGURADORA: CHUBB EUROPEAN GROUP LIMITED SUCURSAL ESPAÑA.

- PÓLIZA: consulta a web do SAPE

- OBRIGATORIO: alumnado da Universidade da Coruña de mobilidade (saíntes ao estranxeiro mediante un programa de intercambio internacional).

Toda a información foi extraída e está dispoñible e ampliada nas seguintes fontes:

-Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE)

-Nova web da UDC FUTUROS ESTUDANTES DE GRAO E MESTRADO

-Seguridade Social/Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social